

NOME:_____ **CURSO:**__ **DATA:**_____

A CLASIFICACIÓN DOS INSTRUMENTOS SEGUNDO HORBOSTEL E SACHS

Ata o de agora clasificábam os instrumentos atendendo ás familias (vento, percusión e corda), pero esta clasificación deixou de utilizarse porque empregaba distintos elementos para clasificar os instrumentos (o material que se empregaba para a súa construción, a maneira na que se producía o son...) e posteriormente en 1914 comezou a empregarse a clasificación que crearon Hornbostel e Sachs na que se tomaba como referencia unicamente a maneira de producir o son, polo que tiñamos cinco grandes grupos:

- Aerófonos: forman este grupo todos os instrumentos que empregan o aire para producir o son.
- Cordófonos: componse por todos aqueles instrumentos nos que o son se produce pola vibración das cordas.
- Idiófonos: son aqueles instrumentos que necesitan ser golpeados, axitados, fretados, raspados ou riscados para producir o son.
- Membranófonos: inclúense aquí todos aqueles instrumentos que teñen unha membrana que vibra para producir o son.
- Electrónos: este grupo é o máis moderno de todos os anteriores, posto que está formado polos instrumentos de máis recente creación. Inclúense aquí todos aqueles instrumentos que necesitan un fluxo de corrente eléctrica para poder soar.

1. Clasifica os seguintes instrumentos nas súas familias:



2. Completa co nome dos seguintes instrumentos: birimbau – pandeireta – gaita – requinta – zanfona – pandeiro.

- Instrumento de ferro cunha lingüeta de aceiro no medio que se toca aproximándoa aos dentes: _____
- Instrumento de parche dotado cunhas ferreñas ao redor: _____
- Aerófono composto por, entre outras partes, un fol, un ronco e un punteiro: _____
- Instrumento de corda que produce o son pola fricción dunha roda: _____
- Instrumento similar a unha frauta traveseira: _____
- Instrumento de parche que pode ter forma circular ou cadrada: _____